



Compostela
Cultura

**Viva
a escena!**

**Temporada
de artes
escénicas
2021**

The Ópera Locos

Viva a escena!

Temporada de artes escénicas

Santiago de Compostela é unha cidade evidentemente vencellada co andar, coa peregrinaxe e coa acollida e o ano 2021 é especial neste sentido. Como cidade acolledora recibiremos a diversas compañías e proxectos escénicos aos que acompañaremos no seu andar polos escenarios do mundo. Escenarios que compartimos con milleiros de persoas e que reflicten a vitalidade das nosas sociedades, por iso a teima de os manter abertos e vivos arestora. Facer camiño na adversidade, axudarnos a avanzar, mostrarnos luz no final é o que as artes nos proporcionan nestes tempos incertos.

Os espazos escénicos do Concello de Santiago convértense en puntos de chegada e partida dun amplo abano de propostas que entran en diálogo entre si para configurar un programa diverso e dirixido a todo tipo de públicos. Un programa de artes vivas tan necesarias no contexto que estamos a afrontar, e do que se poderá gozar coa máxima seguridade, sempre cumprindo coas medidas vixentes e con protocolos estritos de acceso e saída.

Nesta temporada tan especial converxen varios eixos temáticos ou liñas programáticas que convén ter presentes. As liñas que estruturan as programacións de Compostela Cultura e que, en maior ou menor medida, aparecen en todos os programas concrétanse en:

- **EscenaGZ:** discursos e compañías consolidadas e proxectos novos e singulares, todas e todos eles teñen cabida nas táboas compostelás, sempre acolledoras cos creadores e creadoras do país. Se a escena é o lugar onde nos vemos reflectidos e o espello de ficción que nos serve para reflexionar e comprender a realidade multiforme da contemporaneidade, quen mellor que as nosas e os nosos para nolo contar.
- **TerritoriodasMulleres:** voces femininas da escena actual. Un abano de creadoras, temáticas e intérpretes que nos visita e ao que poñemos en destaque.
- A estas liñas, nesta temporada sumamos unha mirada fonda á danza e ás artes do movemento así como ao circo. É momento de ollar para os corpos diversos como vehículos de expresión en si mesmos, e tanto a danza coma o circo achegan unha perspectiva suxestiva e diferente da que aporta o teatro. Neste momento onde sentimos fragilidade, **CelebremosCorpos.**
- **DerivasePeregrinaxes:** camiños, derivas, percursos físicos, espirituais ou persoas. Personaxes ou historias relacionadas co feito de saír de algures e chegar, ou non.

Por último, a programación de **CulturaEnFamilia** reforza a súa presenza e presenta un programa dedicado á primeira infancia titulado **PorVezPrimeira**. Unha selección moi coidada de espectáculos para bebés e os, as máis pequenas da casa que pretende que tanto o Auditorio de Galicia como o Teatro Principal se convertan no lugar a da primeira experiencia cultural dos nosos e das nosas novas veciñas.

Club C!

AXENDA C

Afonda na experiencia cultural de Compostela

De que se trata

O Club C! é unha proposta de actividades para se achegar de xeito diverso aos contidos das actividades culturais compostelás. Comprende actividades que buscan coñecer mellor as propostas artísticas que nos ofrece a programación cultural municipal e deste xeito afondar na experiencia como espectadores culturais.

Debido á actual situación sanitaria pola Covid-19, este semestre manteremos dentro do Club C! a seguinte actividade:

#Prefunción

Antes de que se erga o pano, conversaremos en liña con membros do equipo de cada espectáculo arredor da temática e a experiencia de traballo do mesmo. Estas conversas serán retransmitidas pola nosa canle de Youtube **CompostelaCulturaTV** e permanecerán aí colgadas para todas e todos os que queiran escoitalas.



A LINGUA DAS BOLBORETAS


SARABELA TEATRO

Teatro Principal
19 e 20 de febreiro
20.00 h

EscenaGZ
DerivasePeregrinaxes

Prezo: 12 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 70 min
Lingua: galego

Autor: Harold Pinter
Dirección: Evaristo Calvo
Intérpretes: Federico Pérez e Santi Romay
Produción executiva: Álvaro Pérez Becerra e Javi Lopa
Xefe de produción: Rubén G. Pedrero
Espazo lumínico: Octavio Más
Espazo sonoro: Pablo Seoane
Deseño de escenografía: María Roja
Técnico de escena: Raúl Giraldo
Fotografía: Marcos Pereiro



A través da entrañable relación que manteñen o mestre, don Gregorio, e o neno, vaise descubrindo paulatinamente ante o espectador a beleza daquelas realidades cotiás que pasan inadvertidas (como o mundo dos insectos), facendo partícipe ao receptor da historia da fascinación infantil do protagonista ante o descoñecido e do sufrimento que provoca a represión das liberdades humanas. O espectador será testemuña do proceso de aprendizaxe que emprende o protagonista da man do mestre da escola (unha figura que simboliza a liberdade, que xera o coñecemento da realidade e o respecto cara o próximo) e é testemuña tamén da traxedia que supuxo vivir con medo, do cru impacto que xera o estalido dunha guerra civil.

Volver a Rivas é, para Sarabela, voltar a un dos seus autores 'fetiche'. É, dalgún xeito, voltar á casa. Desde a chegada ao novo milenio, será esta a cuarta colaboración da compañía co autor: O lapis do carpinteiro (2000), O heroe (2005) e Os libros arden mal (2007) -esta última foi unha lectura dramatizada-, foron as anteriores. Se con O Heroe se celebraron os 25 anos da Compañía, con A lingua das bolboretas celébrase o 40 aniversario de Sarabela. Conxugamos as historias de dous dos escritos de Manuel Rivas (A lingua das bolboretas e A Traxectoria do Balón) con ese equipo e co propósito de que a mensaxe chegue nidia ao tempo que se xoga coas imaxes e coa poética que nos leva a un espectáculo punteiro dentro da nosa historia escénica.



EscenaGZ

Prezo: 12 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: adultos

Duración: 75 min

Lingua: galego

Autor: Gonçalo Guerreiro

Dirección: María Torres,
Gonçalo Guerreiro e Pablo
Sánchez

Adaptación: María Torres e
Gonçalo Guerreiro

Escenografía: Gonçalo
Guerreiro

Deseño son: Gonçalo
Guerreiro, Mighelón Paz e
Nacho Martín

Deseño iluminación: Germán
Gundín

Vestiario: Diego Valeiras

Música: Mighelón Paz e
Gonçalo Guerreiro

Coreografía: Marta Alonso

Elenco artístico: María Torres,
Gonçalo Guerreiro, Marta
Alonso, Nacho Martín e
Mighelón Paz

DREAMING JULIET

ELEFANTE ELEGANTE

Teatro Principal

26 e 27 de febreiro

19.30 h

Dreaming Juliet é a nova creación para público adulto do Elefante Elegante. O espectáculo inspírase na peza “Romeo e Xulieta” de W. Shakespeare para abordar a cuestión máis esencial da existencia humana: o amor. A paixón, a familia e a maternidade son os temas intrínsecos da obra e o teatro físico e visual a ferramenta da creación. A peza do dramaturgo inglés é un referente universal porque os seus protagonistas logo de amarse desenfreadamente teñen un funesto final.

Dreaming Juliet pretende reflexionar sobre o futuro de Romeo e Xulieta no caso de que non tivesen morto. Que lle acontecería ao seu profundo amor se acabasen formando familia e se tivesen que enfrontar á rutina de tódolos días?



AGADIC



THE ÓPERA LOCOS

YLLANA

Auditorio de Galicia
6 de marzo
19.30 h

Prezo: 14 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: todos os
públicos

Duración: 85 min

Lingua: castelán

Premio Max ao mellor
espectáculo musical 2019

Idea orixinal: Yllana e Rami
Eldar

Creado e dirixido: Yllana

Dirección Artística: David

Ottone e Joe O'Curneen

Dirección musical: Marc Álvarez
e Manuel Coves

Vestuario e escenografía:

Tatiana de Sarabia

Deseño de iluminación: Pedro

Pablo Melendo

Voces: Mayka Teba,

mezzosoprano; Juan Carlos

Coronel, contratenor; Carolina

Rocío Gómez, soprano; Javier

Agulló, tenor; Axier Sánchez,

barítono

Unha peculiar troupe de ópera, composta por cinco excéntricos cantantes, dispónse a realizar un recital cun repertorio dos máis grandes compositores do xénero. Ao longo da representación iranse desvelando as paixóns ocultas e os anhelos de cada un deles, que traerán consecuencias disparatadas e difíciles de predicir. Será unha noite para recordar!

Cinco cantantes líricos son os protagonistas de The Opera Locos, un espectáculo cómico operístico no que os grandes éxitos da ópera se fusionan con outros estilos musicais da forma máis orixinal. Cunha singular posta en escena, coidada estética e o sentido da comedia de Yllana, The Opera Locos consegue crear unha experiencia nova e diferente á hora de experimentar a ópera e, sobre todo, achegala a todos os públicos dun xeito fresco, divertido e nada usual.



EscenaGZ
TerritoriodasMulleres
CelebremosCorpos

Prezo: 10 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: adultos

Duración: 75 min

Lingua: galego

Un proxecto de creación de Cristina Balboa, Félix Fernández e Manuel Parra para Funboa Escénica

Dirección: Cristina Balboa

Deseño iluminación: Afonso Castro

Deseño espazo escénico: Mauro Trastoy

Música orixinal: Cristina Balboa, Félix Fernández e Manuel Parra

Produción: Manu Lago · Galicia Danza Contemporánea

Foto e vídeo: Ángel Sousa, Paulina Funes, Carlota Mosquera e Rubén Ruibal

Deseño gráfico: Félix Fernández e Mauro Trastoy

Produce: Funboa

Axuda á produción: Agadic · Xacobeo 2021 · Xunta de Galicia

Colabora: Galicia Danza Contemporánea, Corpo(a)Terra, De Corpos Presentes

Intérpretes: Cristina Balboa e Félix Fernández

Convidada especial estrea: Elvi Balboa

TECHNOCRACIA

FUNBOA ESCÉNICA

Auditorio de Galicia

Data por confirmar

Technocracia aborda a festa como lugar de comuñón, como mecanismo de reprogramación mental, de ruptura co cotiá, de hedonismo físico e emocional, e tamén como unha metodoloxía de creación a partir do corpo en movemento e a masa, onde expandir a nosa experiencia escénica ao incluír ao público como parte esencial da peza, a través das accións que se xeren. Trátase de deixar de crear ficcións para deixarnos crear polos feitos, intentando preservar a nosa calor interna, a nosa frescura e bondade humana contra a tiranía da orde.

Bailar é un acto de #resistencia.



EL ALEMÁN

DIEGO ANIDO

Teatro Principal
13 de marzo
20.00 h

EscenaGZ

Prezo: 12 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: adultos

Duración: 50 min

Lingua: castelán

Autoría e interpretación: Diego Anido

Deseño iluminación: Alex Aviñoa

Vestiario: Diego Anido

Música: Raquel Regueira

El Alemán é unha peza con vocación experimental, escrita, dirixida e interpretada por Diego Anido, que orbita sobre a idea do sacrificio a través do absurdo cotián. Durante os 50 minutos que dura mergullámonos na rutina angosta dun personaxe a partir dunha linguaxe que se nutre dunha formación multidisciplinar en artes escénicas.

En El Alemán Diego Anido parte da data de caducidade dun iogur para amosarnos unha realidade deformada onde este dato, aparentemente intrascendente, se converte no escollo desencadeante da acción.

“ ..Estaba pletórico, belo e sumiso como unha geisha. Quieto, inerte, sen medo, na bancada superior do frigorífico...”



EscenaGZ
Celebremososcorpos

Prezo: 12 €
Descontos do 50%
Idade recomendada: a partir de
12 anos
Duración: 65 min
Lingua: galego

Autor: Pablo Reboleiro/
Pistacatro Productora de Soños
Dirección: Pablo Reboleiro
Escenografía: Pistacatro
Productora de Soños S.L.
Deseño son: Nacho Muñoz
Deseño iluminación: Octavio
Mas
Vestiario: Uxia Vaello
Música: Nacho Muñoz
Coreografía: Marta Alonso
Elenco artístico: Pablo
Reboleiro, Aitor Garuz,
Guillermo Porta Gómez,
Santiago Montero e Nacho
Muñoz (Cover: Arturo Cobas)

DROP

PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS

Teatro Principal
19 [estrea] e 20 de marzo
20.00 h

Drop é un proxecto de circo contemporáneo e de investigación tanto técnica como dramaturxica para afondar nos códigos propios desta arte e poñelos en valor. Un proxecto para demostrar que o malabarismo ten moito máis percorrido que o bufón de feira ou que o pallaso de rúa. Sen desmerecer eses clichés de malabaristas aos que pertencemos agora ou noutro tempo con honra e devoción, pretendemos agrandar o espectro artístico desta arte, con conceptos algo máis contemporáneos.



AS FILLAS BRAVAS E O MITO DE CASANDRA

CHÉVERE


Teatro Principal

27 e 28 de marzo, 20.00 h

EscenaGZ
TerritoriodasMulleres

Prezo: 12 € | Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 60 min
Lingua: galego

Dirección: Xron
Escenografía: Chévere
Deseño son: Xacobe Martinez
Antelo
Deseño iluminación: Fidel
Vázquez
Vestuario: Chévere
Música: Popular
Elenco artístico: Patricia de
Lorenzo, Mónica García e
Arantza Villar



As Fillas Bravas son tres pandeireteiras do lugar de Momán, parroquia Padrenda, concello de Trabancas, que cantan coplas e contan historias escoitadas ou inventadas, con moita retranca e non menos sabedoría. Nesta nova obra, As Fillas Bravas usan as fontes do teatro clásico grego e da música tradicional galega como ferramentas para sensibilizar sobre o impacto do cambio climático na nosa forma de vida. As Fillas Bravas e o mito de Casandra é, por un lado, unha obra na que tres mulleres maiores de aldea tratan de entender o cambio climático e facerlle fronte aplicando a sabedoría popular e a súa propia experiencia vital; e por outro, é un espectáculo con perspectiva de xénero á procura de modelos de empoderamento feminino.

Queremos achegar ao público referentes positivos e próximos de personaxes de mulleres. Colocar o foco nunha muller afirmativa, autónoma, creativa, implicada na colectividade. E, ao mesmo tempo, ofrecer unha visión divertida, pero igualmente directa e sen prexuízos, do impacto que o cambio climático ten e terá na nosa sociedade e nas nosas vidas.



LAS CRIADAS

PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

Auditorio de Galicia

9 de abril

19.30 h

Prezo: 14 €
Descontos do 50 %

Idade recomendada: adultos
Duración: 90 min
Lingua: castelán

Autoría: Jean Genet
Dirección: Luis Luque
Tradución: Paco Bezerra
Adaptación: Paco Bezerra
Escenografía: Espacio escénico:
Monica Boromello
Vestuario: Almudena Rodríguez
Música: Luis Miguel Cobo
Iluminación: Felipe Ramos
Elenco artístico: Ana Torrent,
Alicia Borrachero e Jorge Calvo

As irmás Claire e Solange Lemercier son as criadas dunha dama da alta burguesía francesa. Todas as noites inician unha cerimonia perversa, un ritual onde a realidade e a ficción se mesturan nun xogo mortal de cambio de identidades. Claire é a señora e Solange é Claire. Solange é a señora e Claire é Solange. Son seres alienados, faltos de identidade. Non hai irmá boa e irmá mala, as dúas alternan os papeis constantemente, porque ningunha existe por si soa, porque son as dúas caras dun mesmo personaxe. A xenreira e a rabia de ser conscientes do seu destino de criadas lévaas a un desenlace fatal.

SINTEMPO

SARA CANO

Teatro Principal
10 de abril
20.00 h



*TerritoriodasMulleres
CelebremosCorpos*

Prezo: 10 €
Descontos do 50 %

Idade recomendada: todos os públicos
Duración: 60 min

Coreografía: Sara Cano
Dirección: Sara Cano
Escenografía: Elisa Sanz
Vestuario: Elisa Sanz
Música: Héctor González
Iluminación: Gloria Montesinos
Son: Jorge Día
Intérprete: Sara Cano

SinTempo, segundo traballo de Sara Cano, é un só de danza no que a coreógrafa busca crear un espazo escénico propio no que poder desenvolver unha danza anacrónica, feita de pasados, presentes e futuros, unha danza sen tempo... simplemente persoal. SinTempo busca poder falar do paso do tempo, do pasado, o presente, o atemporal, o rápido, o lento, o estático, o que permanece e o que se vai e, en definitiva, das sensacións e reaccións que todo isto produce na creadora neste momento presente que vive o seu corpo e a súa conciencia. O traballo desta coreógrafa, situada entre o español e o contemporáneo, caracterizouse pola mestizaxe de linguaxes coreográficos en continuo proceso de procura cara a un estilo propio.



EL BAR QUE SE TRAGÓ A TODOS LOS ESPAÑOLES

Prezo: 14 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: todos os públicos

Duración: 180 min

Lingua: española

Texto e dirección: Alfredo Sanzol

Escenografía e vestuario:

Alejandro Andújar

Iluminación: Pedro Yagüe

Música: Fernando Velázquez

Espazo sonoro: Sandra Vicente

Caracterización: Chema Noci

Movemento escénico: Amaya Galeote

Produción: Centro Dramático Nacional

Elenco artístico: Francesco Carril, Elena González, Natalia Huarte, David Lorente, Nuria Mencía, Jesús Noguero, Albert Ribalta, Jimmy Roca e Camila Viyuela

CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL

Auditorio de Galicia

16 e 17 de abril

19.00 h

El Bar que se tragó a todos los españoles conta a historia de Jorge Arizmendi, un cura navarro que en 1963, con trinta e tres anos, decide cambiar de vida, deixar o sacerdocio, e viaxar a Estados Unidos para aprender inglés e marketing. O lugar no que aterra chámase Orange, no estado de Tejas. Alí unha congregación de pais escolapios axúdalle a atopar traballo como vendedor de aspiradoras. Un dos lugares que visita é un rancho no que vive un matrimonio que sufriu recentemente o falecemento dun fillo. Este fillo era fisicamente igual que Jorge, ata o punto de que os rancheiros ao ver a Jorge cren estar vendo ao seu fillo, e fanlle a seguinte proposta: “Se quedas a vivir con nós, cando morramos, este rancho será teu”.

ILLAS DESERTAS


ARTESA CÍA

Teatro Principal
22 e 23 de abril
20.30h

EscenaGZ
DerivasePeregrinaxes

Prezo: 12 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 75 min
Lingua: galego

Autor : Laura Villaverde & Roi
Fernández
Dirección: ArtesaCía
Escenografía: Roi Fernández
Deseño son: Roi Fernández
Deseño iluminación: Héctor
Pazos
Vestuario: Laura Villaverde e
Carmen Carrera
Música: Roi Fernández
Elenco artístico: Laura
Villaverde, Roi Fernández



Illas desertas nace como resposta á competitividade e produtividade dun mundo que só sabe camiñar nunha única dirección: a de facernos produtivos e produtivas. O espectáculo propón unha travesía cara a nada, ancorada nas narrativas transmedia e na poesía audiovisual, onde o público é parte activa da peza.

Illas Desertas é unha experiencia inútil, unha viaxe cara á nada, un canto ao fracaso, unha conquista do inútil, unha viaxe interior. É habitar, abrir, reencontrarse con eses territorios ignotos que nos habitan interiormente e que buscan saír á boia cando a vida nos sacude, cando nace ese baleiro que o material non pode encher.

Por que non roubarlle tempo á morte con esta aventura? A través do movemento, das voces en off, da realización de cinema en directo, da interpretación, do son, da poética dos obxectos, da construción de maquetas e do traballo con máscaras xéranse paisaxes escénicas cunha enorme carga poética, salpicados das experiencias e reflexións de dous aventureiros: a aviadora Amelia Earhart e o explorador Ernest Shackleton.



EscenaGZ
TerritoriodasMulleres

Prezo: 12 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: adultos

Duración: 95 min

Lingua: galego

Autora: Diana Mera

Dirección: Diana Mera e Avelina Pérez

Escenografía Montse Piñeiro

Deseño son: Francisco Gallardo

Deseño iluminación: Montse Piñeiro

Vestiario: Montse Piñeiro

Música: Francisco Gallardo

Coreografía: Aporía Escénica

Elenco artístico: Nerea Brey, Sonsoles Cordón, Diana Mera, Raquel Oitavén, Marta Pérez, Merche Pérez, Rosa Puga Davila, María Roja, María Costas, Nuria Sotelo, María Tasende

SOGA E CINSA

APORÍA ESCÉNICA

Auditorio de Galicia

24 de abril

20.30h

SOGA E CINSA, tríptico renacentista para 11 bruxas en 101 minutos, aborda a Caza de bruxas en Europa nos séculos XV, XVI e XVII co obxecto de visibilizar o xenocidio que supuxo e a súa perversa conexión co desenvolvemento do sistema capitalista.

Horror, humor, reflexión, plasticidade e emoción son as apócemas principais deste conxuro teatral. Unha sucesión de paisaxes espectrais e inesperadas irrompen na escena para que os corpos expresen a súa danza esquecida, nunha peregrinaxe de sombras espectrais que procura as luces da xustiza e do recoñecemento.





CelebremosCorpos

Prezzo: 10 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: adultos

Duración: 50 min

Lingua: castelán

Coreografía: Sharon Fridman

Dirección: Sharon Fridman

Escenografía: Sharon

Fridman, Ofer Smilansky coa
colaboración de oficina 4Play

Vestiaro: MIZO by Inbal Ben Zaken

Música: Idan Shimoni, Ofer Smilansky

Iluminación: Sharon Fridman

Son: Iñaki Ruiz Maeso

Intérpretes: Melania Olcina

le Arthur Bernard Bazin

(bailaríns); Ofer Smilansky

(música en directo)

DOSIS DE PARAÍSO

SHARON FRIDMAN

Teatro Principal


28 de abril

20.30h

Elas atopáronse e entregáronse a unha á outra. Descubriron o hábito da turbulencia, a oportunidade do abrazo e o medo á soidade. Manterse no paraíso non foi tarefa fácil, manterse no presente, sen a refracción do pasado nin a proxección do futuro.

Todos nos buscamos, todos no camiño,
baixo a luz incerta que nos percibe e que
difumina os límites do tempo, dirixidos
cara a un horizonte sen memoria, cara
a unha soidade plena na que o amor
quizais se desvele no latexo do corazón.





EscenaGZ
TerritoriodasMulleres
CelebremosCorpos

Prezo: 10 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 75 min

Autores: Marta Alonso Tejada,
Victoria P. Miranda e Pablo ´
Reboleiro

Dirección: Marta Alonso Tejada
Asistente de Dirección e

Dramaturxia: Pablo Reboleiro

Coreografía e Movemento:

Victoria P. Miranda

Asistencia de Movemento:

Sergio Perol

Deseño de iluminación e
espazo escénico: Laura
Iturralde

Espazo sonoro e música: Xabier
Bértolo

Vestuario: Uxía P. Vaello

Utillería: Ángel Sousa

Atrezzo: Tócolo

Produción: Manu Lago, Galicia

Danza Contemporánea

Elenco artístico: Marta Alonso
Tejada

UNHA PRODUCCIÓN DE: Marta
Alonso Tejada (cía trasPediente)
co Centro Coreográfico Galego,
AGADIC, Xunta de Galicia

COLABORAN: Galicia Danza
Contemporánea, Teatro Ensalle,
Concello de Negreira, Centro
Dramático Galego.

BAILAR AGORA

MARTA ALONSO TEJADA

Teatro Principal

29 de abril

20.30h

BAILAR AGORA é unha sorte de
imperativo cara un posicionamento no
presente social e persoal a través da
danza.

Un impulso por situarnos no tempo
actual, no afecto e na emoción que
estamos a compartir aquí e agora
bailando.



UNA NOCHE SIN LUNA

**LA ROTA PRODUCCIONES,
BARCO PIRATA E CONCHA
BUSTO PRODUCCIÓN Y
DISTRIBUCIÓN**

**Auditorio de Galicia
30 de abril
20.30h**

Prezo: 14 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: adultos

Duración: 90 min

Lingua: castelán

Autoría: Juan Diego Botto

Dirección: Sergio Peris-
Mencheta

Escenografía: Curt Allen Wilmer

Música: Alejandro Pelayo

Iluminación: Valentín Álvarez

Intérprete: Juan Diego Botto

É unha peza conmovedora e sorprendente que nos fala de Lorca desde unha sensibilidade do século XXI, onde nos achegamos aos aspectos menos coñecidos da vida e a obra de Federico García Lorca. A viaxe que expón non é unha viaxe arqueolóxica, senón unha forma de coñecer a través da súa obra a nosa propia realidade. Desta maneira a obra convértese nunha peza viva, atrevida e dinámica na que a palabra de Lorca, a súa vida e o seu mundo serven de espello do noso.

32 M²

BUTACAZERO

Teatro Principal
7 e 8 de maio
20.30h

EscenaGZ
TerritoriodasMulleres

Prezo: 12 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 80 min
Idioma: galego

Dirección: Xavier Castiñeira e
Esther F. Carrodegua
Escenografía: Beatriz de Vega
Deseño son: Rodrigo Cuevas
Deseño iluminación: Beatriz de Vega
Vestuario: Alicia Root
Música: Rodrigo Cuevas
Coreografía: Alba Blanco
Elenco artístico: Nuria Gullón e
Xurxo Cortázar



Xan e Mar fican confinados no seu pequeno apartamento por mor dun virus. Estantes cheos de comida, cervexa e papel hixiénico. E todo parece un xogo. Quita o sofá para poñer a cama. Quita a cama para poñer a cea. Saca medio corpo pola pequena fiestra para pillar a wifi da veciñas... E escoitar, ás 20h, os aplausos nos balcóns de quen os ten.

Pasan os días ordenando e limpando. Fan exercicio na bicicleta estática que ninguén recordaba ter. E volta a limpar e a ordenar compulsivamente. Ioga, pilates e abdominais nese intento por acalmar a incredulidade, a incerteza, a indefensión, o medo (o terror). E atopar -entre crise e crise- cousas boas e fermosas: a felicidade das pequenas cousas que non adoita aparecer no estrés da xa vella normalidade.

O caso é que pouco a pouco imos vendo como esta felicidade agocha moita merda debaixo das alfombras. Unha merda que, coma o virus, comeza a expandirse. Non hai traballo, e sen el non hai cartos, e sen cartos non hai comida, nin cervexa nin papel hixiénico. Por se fose pouco as veciñas cortaron o internet.

E daquela, soa o teléfono. O de sempre. O de antes. O antigo. O que xa ninguén recordaba ter. Como a bicicleta estática. Como a vella normalidade. Unha voz informa a Mar dunha nova arrepiante. Unha nova que o vai cambiar absolutamente todo: a nai de Mar acaba de morrer nunha residencia. Pero, a nai de Mar estaba viva? Ah si! É que en realidade, ninguén se acordaba xa dela. Como da bicicleta estática. Como do teléfono vermello que agora queima na propia man.

Autora: Esther F. Carrodegua



PRINCIPIANTES ¿DE QUÉ HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE AMOR?

Prezo: 14 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: adultos

Duración: 90 min

Idioma: español

Director: Andrés Lima

Axudante de dirección: Laura Ortega Pinillos

Adaptación: Juan Cavestany

Deseño de escenografía/

vestiario: Beatriz San Juan

Deseño de iluminación:

Valentín Álvarez

Deseño vídeo-creación: Miquel Ángel Raió

Composición musical: Jaume Manresa

Dirección de produción: Ana Guarnizo

Elenco artístico: Javier Gutiérrez, Mónica Regueiro, Daniel Pérez Prada e Vicky Luengo

VANIA PRODUCCIONES

Auditorio de Galicia

14 de maio

20.30h

¿De qué hablamos cuando hablamos de amor?’ é a adaptación teatral dun dos relatos máis coñecidos de Raymond Carver, que foi orixinalmente publicado en 1981. A peza xira precisamente en torno ao tema do amor, a través de catro personaxes que conversan nunha cociña: un matrimonio “veterano” e unha parella de amigos máis novos cuxa relación é máis recente. Ao longo dunha tarde, nunha atmosfera marcada pola luz cambiante, os catro comparten as súas experiencias e ideas, grandes e pequenas, sobre o que significa o amor e a necesidade do outro. Romántica e conmovedora, realista e poética ao mesmo tempo, a peza non só é referente dunha época senón que nos atrapa hoxe coa forza dunha peza de música esencial.



BERNARDA

MALASOMBRA

Teatro Principal

20 e 21 de maio

20.30h

EscenaGZ
TerritoriodasMulleres

Prezo: 12 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 75 min
Lingua: galego

Premio María Casares ao
mellor espectáculo 2020

Autor: Jose Prieto
Dirección: Jose Prieto
Escenografía: Kukas
Deseño son: Jose Prieto
Deseño iluminación: Xoque
Carbajal
Vestuario e música:
Malasombra
Elenco artístico: Luisa Merelas,
Celia González e Esther Aja

‘Bernarda’ é unha historia próxima, comprensible e universal. Todos coñecemos no noso entorno a alguén como Bernarda, e todos temos un pouco de Bernarda no noso interior, porque ese choque xeracional entre pais e fillos é unha constante universal, e dependendo de que lado esteamos vemos a realidade de forma totalmente diferente. Cando somos fillos queremos rachar coas normas que nos impoñen, e cando somos pais vémonos na obriga de ser nós os que as impoñamos, polo seu ben, e ese choque entre xeracións que conviven na mesma casa é inevitable.

Este choque xeracional, que como na vida mesma tamén ocorre en ‘Bernarda’, por veces fainos chorar, porque ás veces as situacións vólvense tensas e duras; e por veces fainos rir, porque igual que na vida, ata nas situacións máis extremas xorde a risa como unha necesidade de desaforo e de liberación. Isto é ao que en ‘Bernarda’ deron en chamarlle humor de tanatorio ou risa de funeral, que tamén é unha constante durante todo o espectáculo.

Bernarda é unha muller dura e loitadora, produto da vida que lle tocou vivir, cunha infancia dura de posguerra que a forxou nuns principios ríxidos e inamovibles. Ao morrer o marido ten que asumir o papel de pai e de nai, e educa ás súas fillas como mellor sabe, como aprendeu, e todo o que fai non o fai por mal, todo o contrario, faino porque pensa que é o mellor para elas. As fillas, en cambio, non o ven así, aínda que como tamén entre elas son diferentes, discuten moitas veces sobre se no fondo Bernarda é pobriña ou é mala.



EM•NA

COLECTIVO GLOVO

Teatro Principal
22 de maio
20.30h

*“Onde comeza o noso toque, estamos.
Estou.
Estás.*

*Estamos?
É unha ocupación da realidade, unha
conquista.*

*Procura os rostros coñecidos.
Titubeas carente de roce e aceptas, en
ocasións sen suceso.
O corpo habitado.
O corpo enigma.”*

A peza EM•NA baséase na idea da vibración coma elemento manipulador. É unha investigación sobre a “acústica subcutánea” a través da vibración e do silencio resultante no corpo do outro. A relación entre os intérpretes pasa por diferentes estados: comprimindo, estirando, cambiando o ritmo da súa propia vibración, e todo isto partindo da súa fisicalidade individual.

A composición escénica dos corpos mostra os diferentes estados e espazos dunha mesma vibración a través dunha fisicalidade contemporánea, espida, crúa e cotiá. A forte presenza do mundo e espírito xaponés crea unha estética chea de detalles significativos e contundentes.

A duración de cada movemento e acción case parece a dun pensamento, propósito ou reflexión. A peza busca por tanto entretecer a orde, o caos, a pasividade e o eco da mente proxectado no corpo cambiante. Un “momentum” sobre o tan chea e desbordada que está a mente humana e a necesidade do silencio. EM•NA profundiza na nosa realidade animal, instintiva e intuitiva. EM•NA fala do que o corpo entende. Auto-piratería.

*CelebremososCorpos
EscenaGZ
TerritoriodasMulleres*

Prezo: 10 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 50 min

Creación e interpretación:
Esther Latorre e Hugo Pereira
Espazo sonoro: BabyKatze
Video: Adrián González e Manu Lago
Fotografía: Chus Varela e Manu Lago
Deseño gráfico e web: Manu Lago
Deseño de imaxe: Marcia Vázquez
Vestuario: Jandro Villa

Co apoio de: Teatro Ensalle,
Galicia Danza Contemporánea,
Agadic · Xacobeo 21 · Xunta de
Galicia, INAEM · Ministerio de
Cultura · Gobierno de España e
Concello Lugo e a colaboración
da Escola Palimoco





MELANCOHOLEMIA

CONDETRESPÉS

Teatro Principal

27 maio

20.30h

EscenaGZ
DerivasePeregrinaxes

Prezo: 12 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 60 min
Lingua: galego

Autor: Antón Reixa
Dirección: Fernando Bernués
Escenografía e vestiario:
Tanttaka
Deseño son e iluminación: Paco
de Pin
Música: Cachopou
Elenco artístico: Antón Reixa e
Pedro Brandariz

Sobre un texto propio, Antón Reixa interpreta a un paciente dunha institución mental que recibe aos convidados nunha sesión de “portas abertas”. O texto, en clave satírica e na máis pura tradición do “teatro do absurdo”, glosa o chamado estado de “melancoholemia”, a carencia de forma de ser.

As imaxes do vídeo, realizado por Antonio Segade e baseadas no tratamento de diversas obras da historia das artes plásticas, a música de Cachpou e a presenza do actor Pedro Brandariz, conforman a posta en escena dirixida polo dramaturgo vasco Fernando Bernués (El Florido Pensil, El Hijo del Acordeonista)



CelebremosCorpos
EscenaGZ
TerritoriodasMulleres

Prezo: 10 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 60 min
Lingua: galego

Dirección e coreografía: Carlota Pérez
Escenografía e vestuario:
Experimenta Danza
Iluminación: Javier Quintana
Son: Laura Lamontagne e Pico Amperio
Elenco artístico: Jesús Pastor, Carlota Pérez, Laura Lamontagne, Pico Amperio, Adriana Paulos, Mikel Aristegui, Clara López e o neno Teo Somoza

LÍMITES

EXPERIMENTADANZA

Teatro Principal

28 de maio

20.30h

‘Límites’ é un espectáculo de danza inclusiva no que o protagonista se enfrenta ás súas diferentes personalidades que son interpretadas por outros personaxes, cos que interacciona nas diferentes escenas, a fragilidade, a seguridade, a intuición, a infancia, a dozura, a maternidade.

É unha viaxe a través dos límites que nos marca a vida, nas nosas relacións cos demais, pero sobre todo aqueles límites que nos marcamos nós mesmos. Todo acompañado da música en directo de Laura Lamontagne e Pico Amperio.

Este espectáculo está interpretado polo prestixioso bailarín Jesús Pastor como protagonista ao que acompañan Adriana Paulos , Santiago Pérez Carrera , Clara López e o neno Teo Somoza.





EscenaGZ
DerivasePeregrinaxes

SI ESTO ES UN HOMBRE

Prezo: 12 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 85 min
Lingua: castelán

CÁMARA NEGRA

Teatro Principal
29 de maio
20.30h

Autor: Primo Levi
Dirección e adaptación: Carlos
Alvarez-Ossorio
Escenografía, deseño de son,
vestiario e música: Cámara
Negra
Deseño iluminación: Violeta
Martínez
Dramaturgo e asesor de
actuación: Juan José Villanueva
Asesor de alemán e do corpo:
Alfonso Hierro-Delgado
Intérprete: Carlos Alvarez-
Ossorio

En 1944, Primo Levi foi deportado a Auschwitz. Tiña 24 anos. Durante a súa estancia no campo, empezou a escribir ‘Se isto é un home’, o relato dos dez meses que estivo preso.

En 2020 (75 anos despois da liberación de Auschwitz), un actor entra nun escenario e enfróntase ao reto de revivir a experiencia de Levi, para intentar así comprender (se é que é posible) que foi Auschwitz e que supón para nós, espectadores do Século XXI, que existise ese lugar en plena Europa de mediados do século pasado.

Unha viaxe cara ao lado máis escuro do ser humano e do noso mundo contemporáneo.





ESTRELA DO DÍA

PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS

Teatro Principal
3 e 4 de xuño
20.30h

EscenaGZ

DerivasePeregrinaxes

Prezo: 12 €

Descontos do 50 %

Idade recomendada: adultos

Duración: 90 min

Lingua: galego

Autor: Quico Cadaval

Dirección: Marcos PTT
Carballido

Escenografía: Laura Iturralde

Deseño son: Nacho Muñoz

Deseño iluminación: Laura
Iturralde

Vestuario: Uxía Vaello

Música: Piti Sanz

Elenco artístico: Patricia
Vázquez, Víctor Mosqueira,
Rocío González, Evaristo Calvo

‘Estrela do día’ virá alumar os nosos corazóns con toda a divina parafernalia do teatro: a música e a comedia, a sorpresa e a cor, a emoción e a fortaleza. En definitiva, a invención dun novo mundo diante dos nosos ollos. Unha visión actualizada dos milagres de santa María aplicados aos problemas actuais (asombrosamente parecidos aos daquel século XIII) Volverán a desfilar diante dos nosos ollos, neste retablo do século XX, os soldados que foxen da guerra, a mociña obrigada a casar con quen non quere, os que expulsados dos seus lares son amoreados como gando, os presos por roubar comida, a monxa que foxe do convento, o que cansado deste mundo quere vivir noutro sen morrer, o que perde unha pelota e daría o que ten para seguir xogando, a que foxe da manda de brutos que a acosan, os que perden a compañía do animal que prefiren a calquera humano, a que procura a curación da enfermidade mortal... Dramas resoltos pola intervención milagreira de María con aparicións dignas da mellor vedette de varietés.



EscenaGZ
TerritoriodasMulleres

Prezo: 12 €
Descontos do 50 %
Idade recomendada: adultos
Duración: 90 min
Lingua: sen texto

Guión cinematográfico:
Federico García Lorca
Dramaturxia e dirección: Marta Pazos
Espazo escénico e iluminación:
Cube.bz
Música orixinal: Hugo Torres
Vestiario: Alejandra Lorenzo
Coreografía: Amaranta Velarde
Apoio dramaturxico: Montse Triola
Asesoramento artístico:
Voadora
Axudantes de dirección:
Sadurní Vergés e Àlex Pereira
Coordinación Proyecto IT Teatre:
Joan Cusó i Ramon Simó
“VIAXE Á LÚA” é un espectáculo
VOADORA nacido no PROXECTO
IT Teatre, froito da coprodución
entre Teatre Lliure e Institut
del Teatre de la Diputació de
Barcelona.
Elenco artístico: Laia Alberch,
Marc Domingo, Rut Girona,
Cristina Martínez, Clara
Minguez, Mariona Rodríguez,
Gal·la Sabaté e Paula Sunyer

VIAXE Á LÚA

VOADORA

Auditorio de Galicia
12 de xuño
20.30h

Un poeta ten que ser profesor nos cinco sentidos corporais... nesta orde: vista, tacto, oído, olfacto e gusto. Para poder ser dono das máis belas imaxes ten que abrir portas de comunicación en todos eles e con moita frecuencia ten que superpoñer as súas sensacións e aínda, disfrazar a súa natureza.

(Federico García Lorca, Obras completas, p. 67)

Viaje a la Luna é o único guión de cinema de Lorca. Federico escribe este texto durante a súa estancia en Nova York en 1929 como contestación a Buñuel e Dalí tras visionar *Un chien andalou*.

Pertencente ao mesmo ciclo que *Poeta en Nueva York* ou *El público*, o guión está composto por 72 secuencias e en cada unha delas Lorca golpéanos desde o máis profundo do inconsciente con imaxes dun prodixio exultante.

Unha *trip movie* infestada de simbolismo e erotismo. Unha festa dos sentidos.





NINGURES

TEATRO Ó CUBO

Teatro Principal
21 de febreiro
18.30 h

EnFamilia / EscenaGZ

Prezo: 4 €

Bono familiar (4 entradas): 12 €

Idade recomendada: a partir de 6 anos

Duración: 60 min

Lingua: galego

Dirección e dramaturxia:

Roberto C. Mouriño

Idea orixinal: Teatro ó Cubo

Deconstrución de vestiario:

Carmen Pichel

Deseño de escenografía:

Beatriz de Vega

Fotografía: Alex Sobrino

Iluminación: J.L. Baños de Cos

Elenco artístico: Sofía Espiñeira e Roberto C. Mouriño

A través do humor, a danza, a manipulación de obxectos e o teatro físico, Teatro ó Cubo lanza a súa cuarta produción, marcada por unha nova estética e diálogo co público infantil e familiar. Unha peza que afonda nas metas e frustracións, nos propios retos, nos encontros e desencontros e nos medos que nos paralizan, poñendo en valor a amizade, o fracaso como parte do camiño e o respecto pola diversidade de cada quen. Unha viaxe pola vida mesma.

Dúas formas de ver o mundo. Dúas maneiras de chegar a un lugar. Dous xeitos de comportarse e un obxectivo común: chegar a Ningures. Rita e Denís, viaxeiras profesionais incansables, cruzan os seus camiños no misterioso limiar das portas de Ningures, lugar ansiado por todos os viaxeiros. Mais as portas agochan moitos segredos.

Serán quen de atravesalas? Conseguirán o seu propósito? Superarán este reto?



DON GAIFEROS

OS MONICREQUES DE KUKAS

Teatro Principal

4 [estrea], 5 e 6 de marzo

20.00 h [día 4] e

18.30 h [días 5 e 6]

Obra teatral con actores, monicreques e músicos que a modo de opereta, partindo do romance popularizado por Don Faustino Santalices e incorporando cancións e músicas do folclore galego, conta un dos milagres atribuídos ao Apóstolo Santiago que narra a viaxe do peregrino francés Gaiferos de Monmarltan ata a súa morte aos pés do santo na Catedral compostelá.

Nesa viaxe atemporal atoparase con diferentes personaxes como Exeria, a dama peregrina a Xerusalén, un arrieiro maragato, uns cómicos italianos, un demo que unha e outra vez quere desvialo do seu camiño ofrecéndolle todo tipo de praceres mundanos e ata unha reporteira da televisión galega. A eles incorpóranse diferentes personaxes arquetipos dos diversos peregrinos que viaxan a Compostela coma un faquir hindú co seu elefante, un escocés, un portugués, unha andaluza flamenca así como lendas, costumes, lugares e monumentos representativos do feito xacobeo ata rematar aos pés do Apóstolo Santiago no Pórtico da Gloria.

EnFamilia
EscenaGZ
DerivasePeregrinaxes

Prezo: 4 €

Bono familiar (4 entradas): 12 €

Idade recomendada: todos os públicos

Duración: 60 min

Lingua: galego

EscenaGZ
EnFamilia
TerritoriodasMulleres
CelebremosCorpos

Prezo: 4 €
Bono familiar (4 entradas): 12 €
Idade recomendada: infantil a partir de 3 anos
Duración: 55 min
Lingua: galego

Autoría e dirección: María Torres
Coreografía: Marta Alonso Tejada e Paula Quintas
Elenco: Marta Alonso Tejada, Paula Quintas e Carlota Mosquera
Escenografía: Gonçalo Guerreiro
Música orixinal: Alex Salgueiro
Vestuario: Diego Valeiras
Iluminación: Nacho Martín
Atrezzo: trasPediante
Distribución: Manu Lago
Producción: trasPediante
Axuda á creación de Agadic (Xacobeo 2021 - Xunta de Galicia)

trasPediante

É un proxecto artístico galego integrado por Marta Alonso Tejada, Paula Quintas e Begoña Cuquejo que combina o traballo de compañía ca xestión cultural, con proxectos como o Festival Corpo(a)terra, o programa de formación Enxebre Danza ou o Adestramento profesional en danza contemporánea en Santiago de Compostela.

NINA NINETTE

TRASPEDIANTE

Teatro Principal
7 de marzo
18.30 h

Nina, valente e alegre a partes iguais, atopa unhas flores moi especiais que a levan a descubrir un mundo fantástico, habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é tan diferente, tan brillante, tan fermoso! Mais Nina sente a falta do seu fogar e decide marchar. A cuestión é que ese mundo é un labirinto e como todos os labirintos, é moi doado entrar pero ben complicado saír. Será que ela o consegue?

Nina Ninette é un conto iniciático, que se inspira na estética do Ballet Triádico celebrando o centenario da súa estrea, para danzar unha historia de beleza e rebeldía.

María Torres (compañía Elefante Elegante) e Marta Alonso e Paula Quintas (trasPediante) forman un equipo de creación para a peza iniciada a partir da estética do Ballet Triádico de Oskar Schlemmer -Bauhaus- do 1921.



GRAN GALA DO CIRCO DE COMPOSTELA

COORDINADA POR PISTACATRO

Auditorio de Galicia

18 de abril

18.30 h

EnFamilia
EscenaGZ
CelebremosCorpos

Prezo: 4 €

Bono familiar (4 entradas): 12 €

Idade recomendada: de 4 a 99
anos

Duración: 75 min

Língua: galego

Compostela é unha cidade de circo xa que numerosos artistas circenses residen na cidade e queren celebrar o seu día facendo unha mostra do mellor do seu traballo acompañados dos mellores números dos colegas do estado.

A Gran Gala de Circo, que celebra xa a súa terceira edición, contará unha completísima variedade de números das disciplinas máis sorprendentes e arriscadas.



CATRO

CARAMUXO TEATRO

Teatro Principal

30 de abril

17.30 h e 18.30 h

EscenaGZ
EnFamilia
PorvezPrimeira

Prezo: 4 €
Bono familiar (4 entradas): 12 €
Idade recomendada: de 8 meses a 4 anos
Duración: 30 min
Lingua: galego

Dirección: Laura Sarasola e Juan Rodríguez
Escenografía: Caramuxo teatro
Deseño son: Dani Pais
Deseño iluminación: Dani Pais
Vestuario: Diego Valeiras
Música: Caramuxo teatro
Coreografía: Laura Sarasola

‘Catro’ é a nova proposta de Caramuxo Teatro para primeira infancia. É unha peza visual que xoga coa vida, coas formas, os sons e as texturas, co movemento...

Catro lados ten un cadrado, a miña galleta preferida, catro son as estrelas que vexo dende a miña habitación e catro son os recunchos do meu lugar favorito.

‘Catro’ é a experimentación a partir dun número que se repite na nosa vida. Unha experiencia para gozar en familia coa danza como linguaxe, como canle de coñecemento.



Y LAS IDEAS VUELAN

ANIMAL RELIGION

Teatro Principal

1 de maio

17.30 h e 18.30 h

EscenaGZ
EnFamilia
PorvezPrimeira

Prezo: 4 €

Bono familiar (4 entradas): 12 €

Idade recomendada: de 2 a 6
anos

Duración: 30 min

Dirección: Animal Religion
Escenografía, coreografía,
vestiario, música, iluminación e
son: Animal Religion
Elenco artístico: Joan Cot,
Joana Serra e Quim Girón

Tra.
Encuentra.
Y quien encuentra,
busca tra.
Y quien.
Y quien bus,
y quien busca encuentra.

‘...y las ideas vuelan’ é un espectáculo fresco onde poucos obxectos teñen moito protagonismo e pequenos descubramentos medran ata converterse en escenas divertidas, fantásticas, cheas de complicidade. Un espectáculo de circo onde o xogo, a colaboración co público, a luz e a música se enlazan para que cada función resulte unha experiencia diferente.





EMBALOS NEOFOLK

CONCERTOS PARA BEBÉS –
PAULO LAMEIRO

Auditorio de Galicia
2 de maio
11.00 h e 12.30 h

EscenaGZ
EnFamilia
PorvezPrimeira

Prezo: 4 €
Bono familiar (4 entradas): 12 €
Idade recomendada: de 0 a 3 anos
Duración: 45 min

Alberto Roque: saxofón
barítono e ocarina
José Lopes: saxofón alto,
soprano e “cavaquinho”
Pedro Santos: acordeón
Inesa Markava: voz e
movemento
Cristiana Francisco: voz
Paulo Lameiro: voz e dirección

Bábabai
Babábabai bailemos

Cando somos bebés, e aínda non nacemos, xa bailamos. Bailamos nun líquido amniótico quentiño que se balancea ao sabor da respiración e dos pasos de nosa nai. Despois cando nacemos, das memorias felices nace unha necesidade de continuar a bailar. Por iso as nosas nais nos abanean para calmar e adormecer. E nun ápice, os nosos pais descubren que comezamos a bailar así que ouvimos unha música un pouco máis rítmica. Neste concerto imos bailar con músicas antigas do tempo intrauterino, mais tamén con novos sons que apelan a outras danzas.

Biabába
Bailemos



EnFamilia

Prezo: 4 €
Bono familiar (4 entradas): 12 €
Idade recomendada: a partir de 5 anos
Duración: 55 min

Autoría: Vaivén Circo e Javi Parra
Colaboración na creación: Jokin Oregui
Dirección: Javi Parra
Adaptación: Vaivén Circo
Escenografía: Vaivén Circo/ Pepe del Pino
Vestuario: Juan Prohibido
Música: Daniel Maldonado “Sam”
Iluminación e son: J. C. Tamajon (TAMA)
Elenco artístico: Miguel Moreno “Bolo”, Raquel Pretel Ferrándiz/Celia Sako, Irene de Paz, Chema Martín e Manolo Carambolas/Emilio Pérez.

ESENCIAL

VAIVÉN CIRCO

Teatro Principal
9 de maio
18.30 h

‘Esencial’ é un espectáculo que fala de transicións. Cinco personaxes que xogan, que soñan, unha viaxe de aventuras que nos levará a lugares recónditos nos que a decisión vital será tomar o camiño máis simple.

Este novo espectáculo de Vaivén Circo preséntase cunha posta en escena inspirada no ‘Arco da Vella de Waldorf’, un xoguete composto por pilares e arcos que propician unha espectacular escenografía.



ARTES ESCÉNICAS

EN FAMILIA

Febreiro 2021

A LINGUA DAS BOLBORETAS	SARABELA TEATRO	Teatro Principal 19 e 20 de febreiro 20.00 h	12€* Adultos 70 min Galego	C!
NINGURES	TEATRO Ó CUBO	Teatro Principal 21 de febreiro 18.30 h	4€** A partir de 6 anos 60 min Galego	
DREAMING JULIET	ELEFANTE ELEGANTE	Teatro Principal 26 e 27 de febreiro 19.30 h	12€* Adultos 75 min Galego	C!

Marzo 2021

DON GAIFEROS	OS MONICREQUES DE KUKAS	Teatro Principal 4 (estrea), 5 e 6 de marzo 20.00 h (día 4) e 18.30 h (días 5 e 6)	4€** Todos os públicos 60 min Galego	
THE ÓPERA LOCOS	YLLANA	Auditorio de Galicia 6 de marzo 19.30 h	14€* Todos os públicos 85 min Castelán	
NINA NINETTE	TRASPEDIANTE	Teatro Principal 7 de marzo (estrea) 18.30 h	4€** Infantil a partir de 3 anos 55 min Galego	
TECHNOCRACIA	FUNBOA ESCÉNICA	Auditorio de Galicia Data por confirmar	10€* Adultos 75 min Galego	C!
EL ALEMÁN	DIEGO ANIDO	Teatro Principal 13 de marzo 20.00 h	12€* Adultos 50 min Castelán	C!
DROP	PISTACATRO PRODUTORA DE SOÑOS	Teatro Principal 19 (estrea) e 20 de marzo 20.00 h	12€* A partir de 12 anos 65 min galego	
AS FILLAS BRAVAS E O MITO DE CASANDRA	CHÉVERE	Teatro Principal 27 e 28 de marzo 20.00 h	12€* Adultos 60 min Galego	C!

Abril 2021

LAS CRIADAS	PENTACIÓN ESPECTÁCULOS	Auditorio de Galicia 9 de abril 19.30 h	14€* Adultos 90 min Castelán	
SINTEMPO	SARA CANO	Teatro Principal 10 de abril 20.00 h	10€* Todos os públicos 60 min	
EL BAR QUE SE TRAGÓ A TODOS LOS ESPAÑOLES	CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL	Auditorio de Galicia 16 e 17 de abril 19.00 h	14€* Todos os públicos 180 min Castelán	
GRAN GALA DO CIRCO DE COMPOSTELA	COORDINADA POR PISTA4	Auditorio de Galicia 18 de abril 18.30 h	4€** De 4 a 99 anos 75 min Galego	
ILLAS DESERTAS	ARTESA CÍA	Teatro Principal 22 e 23 de abril 20.30 h	12€* Adultos 75 min Galego	
SOGA E CINSA	APORÍA ESCÉNICA	Auditorio de Galicia 24 de abril 20.30 h	12€* Adultos 95 min Galego	
DOSIS DE PARAÍSO	SHARON FRIDMAN	Teatro Principal 28 de abril 20.30 h	10€* Adultos 50 min Castelán	
BAILAR AGORA	MARTA ALONSO TEJADA	Teatro Principal 29 de abril 20.30 h	10€* Adultos 75 min	
CATRO	CARAMUXO TEATRO	Teatro Principal 30 de abril 17.30 h e 18.30 h	4€** De 8 meses a 4 anos 30 min Galego	
UNA NOCHE SIN LUNA	LA ROTA PRODUCCIONES, BARCO PIRATA E CONCHA BUSTO PRODUCCIÓN Y DISTRIBUCIÓN	Auditorio de Galicia 30 de abril 20.30 h	14€* Adultos 90 min Castelán	

(*): Descontos do 50 % (**): Bono familiar (4 entradas): 12€

Maio 2021

Y LAS IDEAS VUELAN	ANIMAL RELIGION	Teatro Principal 1 de maio 17.30 h e 18.30 h	4€** De 2 a 6 anos 30 min	
EMBALOS NEOFOLK	CONCERTOS PARA BEBÉS – PAULO LAMEIRO	Auditorio de Galicia 2 de maio 11.00 h e 12.30 h	4€** De 0 a 3 anos 45 min	
32 M²	BUTACAZERO	Teatro Principal 7 e 8 de maio 20.30 h	12€* Adultos 80 min Galego	C!
ESENCIAL	VAIVÉN CIRCO	Teatro Principal 9 de maio 18.30 h	4€** A partir de 5 anos 55 min	
PRINCIPIANTES ¿DE QUÉ HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE AMOR?	VANIA PRODUCCIONES	Auditorio de Galicia 14 de maio 20.30 h	14€* Adultos 90 min Castelán	
BERNARDA	MALASOMBRA	Teatro Principal 20 e 21 de maio 20.30 h	12€* Adultos 75 min Galego	C!
EM·NA	COLECTIVO GLOVO	Teatro Principal 22 de maio 20.30 h	10€* Adultos 50 min	C!
MELANCOHOLEMIA	CONDETRESPÉS	Teatro Principal 27 de maio 20.30 h	12€* Adultos 60 min Galego	
LÍMITES	EXPERIMENTADANZA	Teatro Principal 28 de maio 20.30 h	10€* Adultos 60 min Galego	C!
SI ESTO ES UN HOMBRE	CÁMARA NEGRA	Teatro Principal 29 de maio 20.30 h	12€* Adultos 85 min Castelán	C!

Xuño 2021

ESTRELA DO DÍA	PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS	Teatro Principal 3 e 4 de xuño 20.30 h	12€* Adultos 90 min Galego	C!
VIAXE Á LÚA	VOADORA	Auditorio de Galicia 12 de xuño 20.30 h	12€* Adultos 90 min	C!

VENTA DE ENTRADAS

Cando?

A propia semana do espectáculo desde as 10.00 h do luns na web e no horario habitual no despacho de billetes.

Onde?

compostelacultura.gal

Despacho de billetes do Teatro Principal. Aberto de martes a sábado (+ días de evento) de 18 a 21 h. Se a función é fóra dese horario, o despacho abrirá unha hora e media antes do seu inicio.

Nos espectáculos do Auditorio de Galicia, tamén no despacho de billetes do Auditorio de Galicia desde 1 hora e media antes do inicio dos mesmos.

Descontos e entradas especiais

- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.
- Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.
- O bono familiar (4 entradas por 12 €) só se poderá mercar no despacho de billetes.

Aviso!

Debido á situación actual provocada pola pandemia orixinada polo COVID-19, en calquera momento poderán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto, así como os horarios das funcións, segundo as indicacións sanitarias de cada momento.

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal

Protocolo de acceso a espectáculos en espazos pechados de artes escénicas e musicais

Será de aplicación a normativa vixente en cada momento e, así mesmo, a cabida dos espazos escénicos está limitada ao que recolla a orde vixente no momento da función.

O acceso dos espectadores estará condicionado en todo caso sempre a:

- Uso obrigatorio de máscara
- Desinfección de mans
- Distancia mínima de 1,5 m entre persoas
- Entrada e saída das instalacións de forma graduada mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m. Para iso, o control de acceso realizarase mediante os postos de tiqueo desatendido que permitirán que cada persoa que acceda poida ticar a súa entrada sen contacto físico e mantendo a distancia de seguridade.

Se presenta algún síntoma relacionado coa COVID-19, pregamos non acceda ás instalacións.



**Compostela
Cultura**

-  CompostelaCultura
-  CCultura
-  CompostelaCultura
-  CompostelaCulturaTV
-  compostelacultura.gal



**Deputación
DA CORUÑA**



**CONSORCIO DE
SANTIAGO**